

**ACTA NÚMERO 1 DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN  
DE PERSOAL INTERINO CON CARÁCTER TEMPORAL DUNHA PRAZA DE  
TÉCNICO E UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO NO MARCO  
DO PROGRAMA "PROXECTO AXENDA DE COOPERACIÓN  
TRANSFRONTEIRIZA AMIZADE-CERVEIRA-TOMIÑO", COFINANCIADO  
CON CARGO A FONDOS FEDER, PERTENCENTES AO P.O. DE  
COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA PORTUGAL, INTERREG V  
2014-2020**

Sendo as 13 horas, do 29 de xaneiro de 2018, reúñese no Concello de Tomiño o Tribunal para a selección de persoal interino con carácter temporal dunha praza de técnico e unha praza de auxiliar administrativo no marco do programa "Proxecto axenda de cooperación transfronteiriza Amizade-Cerveira-Tomiño", para tratar dos seguintes puntos da Orde do Día



### **1. Constitución do Tribunal**

Constitúese formalmente o Tribunal coa presenza dos seguintes membros

PRESIDENTE:

Ruben C. Lois González

VOGAIS:

Ana I. Morgadas Campo

A. Javier Ferreira Fernández

Ricardo Pernas Romaní

SECRETARIO:

Catalina Echevarría Buades

Participa como asesor Lois Pérez Castrillo

## 2. Criterios de Baremación

Tras dar conta o Presidente das Bases xerais aprobadas polo Concello, e tendo en conta o elevado número de aspirantes presentados así como a urxencia na cobertura das prazas, tal e como se prevé na correspondente convocatoria, o Tribunal acorda por unanimidade, antes de proceder a examinar a documentación aportada polos aspirantes, fixar os seguintes criterios de baremación:

Primeiro: De conformidade co previsto nas bases, se establece con carácter xeral a obriga de lectura da Memoria por parte dos aspirantes que superen a puntuación prevista na parágrafo seguinte

Segundo: Tendo en conta, tal e como se dixo, o elevado número de solicitudes e a urxencia na cobertura das prazas, aqueles aspirantes que non acadan unha nota superior a 3 puntos na baremación de méritos derivados da suma dos apartados a) valoración do traballo desenvolvido, b) méritos académicos, c) formación, se entenderá que non teñen superado o proceso selectivo.

Terceiro: Aos candidatos que teñan acadado mais de tres puntos na baremación de méritos citada no parágrafo anterior, serán chamados para a lectura das Memorias e o Tribunal poderá formularlle preguntas sobre o seu contido así como sobre as funcións a desenvolver na praza obxecto de convocatoria.

Sen outra cuestión, levántase a sesión a instancias do Presidente as 13:30 horas..

(Nº3)

Alvarez

MDE: C Luis  
PRESIDENTE



A Secretaria do Tribunal

